

6º A

Ante esta situación tan excepcional que nos esixe o illamento, non podemos deixar de lado a continuidade no proceso educativo. Poderíamos seguir traballando nos libros dixitais, pero moitos dos alumnos/as deixaron os ordenadores no colexio e outros non teñen conexión a internet nos fogares e non teñen descargados os temas.

Os que teñades internet sede solidarios e achegádelle esta información aos que non contan con ela, a través de correo electrónico ou whatsapp.

Recomendo un mínimo de media hora de lectura libre e establecer un horario diario para a realización das actividades que estarán colgadas en E-Dixgal, antes do primeiro tema. Estas poden imprimirse ou copialas e realizalas nos cadernos ou en folios.

Creei un foro nas distintas áreas, antes do primeiro tema, para que poidades realizar preguntas, que poderán responder os alumnos e eu. Preciso que entredes nos foros e saudedes a todos/as as compañeiros/as, deste xeito saberei quen ten a posibilidade de conectarse. De ter todos acceso, a programación de actividades sería distinta.